



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS**

**Curso Académico: Curso 2020-2021**

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
  - Criterio 4. Recursos Humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Modificacións do plan de estudos

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2020-2021
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - Outros criterios
    - AM-1 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
    - AM-2 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
    - AM-3 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
    - AM-4 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
- Finalizadas Curso 2020-2021
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<b><u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática (S, L) Ciencias Sociais e Humanidades (S) Formación Profesional: Sector Servizos (S) Formación Profesional: Sector Primario e Secundario (L) Linguas e Literaturas (S, L) Artes Plásticas e Música (S) Orientación Educativa (S)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación (S)
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación (S)
	Facultade de Formación do Profesorado (L)
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Sí/Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015 18/09/2019

**NOTA ACLARATORIA IMPORTANTE:**

A páxina Web da USC modificouse no curso 2020-21. Este cambio implica que o acceso á información enlazada dende: informes de seguimento dos títulos, informes de renovación de acreditación dos títulos e memorias de calidade do centro do curso 2019-20 e anteriores, ten que realizarse dende a rede interna da USC e a través deste enlace localizado na Aplicación de Calidade (AASX):  
<https://aplicacions.usc.es/aasx/web/documentosServicios/documentoServicio.htm?accion=edita&id=14367>

## Introdución ou Addenda COVID19

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolveu a súa docencia nunha modalidade semipresencial por condicionantes sanitarios.

A docencia na Facultade foi mixta en todas as materias dos títulos. Combinouse a presenza e non presenza e a docencia síncrona (en tempo real) e asíncrona, procurando, na medida do posible, reforzar o contacto entre o profesorado e o alumnado da materia, fomentando a continuidade e o seguimento do proceso, para garantir a equidade da presenza na formación de todo o alumnado.

As sesións expositivas de todas as materias foron non presenciais (síncronas ou asíncronas). As sesións interactivas de todas as materias foron semipresenciais.

Nas semanas semipresenciais, nas que se desenvolverán todas as sesións interactivas coa metade do alumnado na aula, o profesorado da materia facilita, na medida do posible, que todo o alumnado que non estea na aula poida facer o seguimento da actividade mediante a programación previa das sesións (tarefas, actividades, guiños das prácticas, etc.) e a súa difusión na aula virtual.

Tal e como se estableceu nas [Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura. Curso 2020-21](#), con carácter xeral, a avaliación foi continua formativa, ben como único criterio de avaliación, ben combinada con probas finais. As probas finais, cando as houbo, foron carácter telemático.

[Por acordo da comisión permanente da Conferencia de Decanas e Decanos de Educación](#), as prácticas curriculares para o curso 2020-21 foron presenciais, tal e como se establece nas ordes ECI e nas memorias de verificación dos títulos. Polo tanto, levaranse a cabo nos centros educativos e/ou institucións colaboradoras e o alumnado en prácticas adaptarase aos plans de continxencia que estes habiliten no seu caso.

As guías do TFG e TFM adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e metodoloxías de traballo adaptándoas ao contexto non presencial e ás dificultades para o desenvolvemento de traballos de investigación que requiran traballo de campo.

### Recompilación normativa

- Universidade de Santiago de Compostela: resolucións reitorais e instrucións:
  - [Resolución reitoral do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2020-21](#)
  - [Resolución reitoral pola que se autoriza a defensa ante o titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao no curso 2020-21](#)
  - [Instrución da secretaria xeral 7/2020 sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da covid-no curso 2020-21](#)
  - [Instrución 5/2020 da secretaría xeral pola que se establecen medidas para un uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21](#)
- Facultade de Ciencias da Educación: protocolos, medidas e guías para garantir o desenvolvemento da actividade académica:

- [Protocolo da Facultade de Ciencias da Educación para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-21 \(Actualización: 28 de xaneiro de 2021\)](#)
- [Sistema de reserva de aulas con sistema de videoconferencia para optimizar uso en escenario 2 \(segundo semestre do curso 2020-21\)](#)
- [Medidas relativas ao acceso e permanencia nas instalacións](#)
- [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Norte: Grao en Mestre/a en Educación Infantil, Grao en Mestre/a en Educación Primaria, Dobre Grao Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria. Actualización \(28/01/2021\)](#)
- [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Vida: Grao Pedagogía e Grao en Educación Social. Actualización \(28/01/2021\)](#)
- [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Norte: Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria. Actualización \(28/01/2021\)](#)
- [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Vida: Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación, Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, Máster Universitario en Procesos de Formación. Actualización \(28/01/2021\)](#)

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A implantación do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas na Universidade de Santiago de Compostela (USC) remóntase ao curso 2009-2010. A Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro, establece os requisitos para a súa verificación. O Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, define as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, ao tempo que determina as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

Na USC ofértanse seis especialidades docentes (Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática; Ciencias Sociais e Humanidades; Artes; Formación Profesional, Linguas e Literaturas; Orientación Educativa) con 12 itinerarios específicos (Ciencias Experimentais; Matemáticas; Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Filosofía; Artes Plásticas e Visuais; Música; Sector Servizos; Sector Primario e Secundario; Cultura e Linguas Clásicas; Lingua e Literatura Galega, e Lingua e Literatura Castelá; Linguas Estranxeiras; Orientación Educativa). Polo momento, os itinerarios en Tecnoloxía e Informática e Formación e Orientación Laboral non se imparten.

A oferta de prazas atende ao recollido na memoria de verificación que, no caso deste máster, é de 240 prazas ordinarias, coa distribución de 180 no campus de Santiago e de 60 no campus de Lugo, repartidas entre as distintas especialidades. Hai unha cota de 36 prazas a tempo parcial sobre o total das ofertadas (15%). Na especialidade de Orientación Educativa establécese unha cota adicional de 20 prazas para os estudantes que posúan as titulacións de Licenciatura en Pedagogía e Psicopedagogía con anterioridade ao 30 de setembro de 2015 (**Táboa 1**). Este alumnado, que só pode acceder por esta cota, obteña o recoñecemento das competencias ligadas ás materias incluídas nos módulos xenérico, específico e prácticum da súa especialidade, polo que únicamente debe cursar o Traballo Fin de Máster e cumprir os requisitos establecidos respecto ao idioma estranxeiro para obter o título de Máster.

**Táboa 1.** Prazas ofertadas no curso 2020-2021. Fonte: Sección de Admisión e Xestión da USC.

Especialidade	Prazas	Observacións
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática [S]</b> Itinerario Ciencias Experimentais Itinerario Matemáticas	40	Reserva de 10 prazas: L./G. en Matemáticas. De non cubrirse acumúlanse á oferta xeral. Tempo parcial: 15%
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática [L]</b> Itinerario Ciencias Experimentais	20	Tempo parcial: 15%

<b>Ciencias Sociais e Humanidades [S]</b> Itinerario Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Itinerario Filosofía	<b>40</b>	Reserva de 5 prazas: L./G. en Filosofía ou en Antropoloxía Social e Cultural. De non cubrirse acumúlase á oferta xeral Tempo parcial: 15%
<b>Artes [S]</b> Itinerario Artes Plásticas e Visuais Itinerario Música	<b>20</b>	Reserva de 10 prazas: L. ou G en Belas Artes; Comunicación Audiovisual; Hª da Arte; Arquitectura e Estudos superiores de Deseño (LOXSE). De non cubrirse acumúlase á oferta xeral Tempo parcial: 15%
<b>Formación Profesional [S]</b> Itinerario Sector Servizos	<b>20</b>	Tempo parcial: 15%
<b>Formación Profesional [L]</b> Itinerario Sector Primario e Secundario	<b>20</b>	Tempo parcial: 15%
<b>Linguas e Literaturas [S]</b> Itinerario Cultura e Linguas Clásicas Itinerario Lingua e Literatura Galega, e Lingua e Literatura Castelá Itinerario Linguas Estranxeiras	<b>40</b>	Reserva de prazas: 3 para L./G en Filoloxía Clásicas;12 para L./G. Ling. Galega; Hispánica; Teoría da Lit. e Lit. Comparada. De non cubrirse acumúlase á oferta xeral Tempo parcial: 15%
<b>Linguas e Literaturas [L]</b> Itinerario Linguas Estranxeiras	<b>20</b>	Tempo parcial: 15%
<b>Orientación Educativa [S]</b> Itinerario Orientación Educativa	<b>20+20*</b>	*Cota adicional de 20 prazas para os titulados das licenciaturas en Pedagogía e Psicopedagogía Tempo parcial: 15%

No curso 2020-2021 a Sección de Admisión e Xestión da USC recibe un total de 2.763 preinscricións (1.915 en Santiago e 848 en Lugo) para as 240 prazas ofertadas (180 en Santiago e 60 en Lugo) (**Táboa 2**). Este dato amosa un incremento significativo en comparación coas 2.071 preinscricións admitidas na edición anterior de 2019-2020 (1.498 en Santiago e 573 en Lugo) e tamén coas 1.618 preinscricións admitidas no curso 2018-2019 (1.197 en Santiago e 421 en Lugo). Compróbase, polo tanto, unha demanda elevada de estudantes que queren capacitarse para poder acceder aos Corpos de Profesores de Ensino Secundario, Profesores Técnicos de Formación Profesional, Profesores de Música e Artes Escénicas, Profesores de Artes Plásticas e Deseño, Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño e Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas:

**Táboa 2** Número de preinscricións no máster no curso 2020-2021. Fonte: Sección de Admisión e Xestión da USC.

Especialidade	Preinscricións	Nº prazas	lt. 1ª pref.	lt. 2ª pref.	lt. 3ª pref.
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática (Campus Santiago)</b>	<b>468</b>	<b>40</b>	333	76	59
Itinerario Ciencias Experimentais	324		213	66	45
Itinerario Matemáticas	144		120	10	14
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática (Campus Lugo)</b>	<b>420</b>	<b>20</b>	92	281	47
Itinerario Ciencias Experimentais	420		92	281	47
<b>Ciencias Sociais e Humanidades (Campus Santiago)</b>	<b>306</b>	<b>40</b>	253	44	9
Itinerario Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	257		208	42	7
Itinerario Filosofía	49		45	2	2
<b>Artes (Campus Santiago)</b>	<b>179</b>	<b>20</b>	123	51	5
Itinerario Artes Plásticas e Visuais	140		89	47	4
Itinerario Música	39		34	4	1
<b>Formación Profesional (Campus Santiago)</b>	<b>456</b>	<b>20</b>	282	139	35
Itinerario Sector Servizos	456		282	139	35
<b>Formación Profesional (Campus Lugo)</b>	<b>180</b>	<b>20</b>	49	47	84
Itinerario Sector Primario e Secundario	180		49	47	84
<b>Linguas e Literaturas (Campus Santiago)</b>	<b>353</b>	<b>40</b>	290	52	11
Itinerario Cultura e Linguas Clásicas	10		7	2	1
Itinerario Lingua e Literatura Galega, e Lingua e Literatura Castelá	131		101	24	6
Itinerario Linguas Estranxeiras	212		182	26	4
<b>Linguas e Literaturas (Campus Lugo)</b>	<b>248</b>	<b>20</b>	43	178	27
Itinerario Linguas Estranxeiras	248		43	178	27
<b>Orientación Educativa (Campus Santiago)</b>	<b>153</b>	<b>20+20*</b>	119	34	0
Itinerario Orientación Educativa	153		119	34	0
<b>Total</b>	<b>2.763</b>	<b>240+20*</b>	1.584	902	277
Campus Santiago	1.915		1.400	396	119
Campus Lugo	848		184	506	158

\*Licenciaturas en Pedagogía e Psicopedagogía con anterioridade ao 30 de setembro de 2015



A taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición amosa ,en relación co curso académico anterior, un descenso significativo acadando os -2,33 puntos (**Táboa 3**):

**Táboa 3.** Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición nos últimos cursos. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	8,00	-5,56	9,80	0,00	5,36	1,69	-3,33
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	31,14	-14,16	3,19	3,61	-2,99	1,03	-2,03
<b>Total (%)</b>	<b>25,81</b>	<b>-12,45</b>	<b>4,60</b>	<b>2,80</b>	<b>-1,17</b>	<b>1,18</b>	<b>-2,33</b>

A matrícula total na titulación é de 294 estudantes (223 en Santiago e 71 en Lugo), semellante ás edicións, dos que 251 eran de novo acceso (193 en Santiago e 58 en Lugo) (**Táboas 4 e 5**):

**Táboa 4.** Matrícula nos últimos cursos. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	57,00	60,00	69,00	63,00	68,00	71,00	71,00
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	254,00	232,00	245,00	253,00	246,00	240,00	223,00
<b>Total</b>	<b>311,00</b>	<b>292,00</b>	<b>314,00</b>	<b>316,00</b>	<b>314,00</b>	<b>311,00</b>	<b>294,00</b>

**Táboa 5.** Matrícula de acceso nos últimos cursos. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	54,00	51,00	56,00	56,00	59,00	58,00
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	219,00	188,00	196,00	201,00	195,00	193,00
<b>Total</b>	<b>273,00</b>	<b>239,00</b>	<b>252,00</b>	<b>257,00</b>	<b>254,00</b>	<b>251,00</b>

A taxa de ocupación do título -número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas durante o curso acada o valor de 104,58 (214,44 en Santiago e 193,33 en Lugo); con respecto ao curso anterior aumentou significativamente tanto en Lugo (100,00) como en Santiago (109,44) (**Táboa 6**).

**Táboa 6.** Taxa de ocupación nos últimos cursos. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	85,00	93,33	93,33	98,33	100,00	193,33
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	104,44	107,78	111,67	108,33	109,44	214,44
<b>Total</b>	<b>99,58</b>	<b>104,17</b>	<b>107,08</b>	<b>105,83</b>	<b>107,08</b>	<b>104,58</b>

Por último, engadir que á vista da información exposta e tras unha década de percorrido, o título mantén a relevancia académica para a que foi deseñado e está actualizado de acordo ás necesidades e requisitos da profesión regulada para á que habilita.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do máster desenvólvese na Facultade de Ciencias da Educación (FCE), campus de Santiago, e na Facultade de Formación do Profesorado, (FFP) campus de Lugo, cunha oferta de seis e tres especialidades docentes respectivamente (Táboa 7).

Táboa 7. Especialidades do máster no curso 2020-2021. Fonte: Convocatoria xeral de matrícula 2020-2021.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN Campus de Santiago	FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO Campus de Lugo
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática</b> Itinerario Ciencias Experimentais Itinerario Matemáticas <b>Ciencias Sociais e Humanidades</b> Itinerario Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Itinerario Filosofía <b>Artes</b> Itinerario Artes Plásticas e Visuais Itinerario Música <b>Formación Profesional</b> Itinerario Sector Servizos <b>Linguas e Literaturas</b> Itinerario Cultura e Linguas Clásicas Itinerario Lingua e Literatura Galega, e Lingua e Literatura Castelá Itinerario Linguas Estranxeiras <b>Orientación Educativa</b> Itinerario Orientación Educativa	<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática</b> Itinerario Ciencias Experimentais <b>Formación Profesional</b> Sector Primario e Secundario <b>Linguas e Literaturas</b> Itinerario Linguas Estranxeiras

De acordo coa memoria de verificación, aprobada pola Comisión Redactora o 5 de febreiro de 2009 e polo Consello de Goberno do 11 de febreiro de 2009, o programa formativo organízase en 60 créditos ECTS: 16 obrigatorios, 26 optativos, 12 en prácticas externas (4 Prácticum I, 8 Prácticum II) e 6 de Traballo Fin de Máster. As ensinanzas distribúense en dous módulos, común e específico, en correspondencia cos dous semestres académicos. En cada un destes tramos do curso académico desenvólvese un periodo de prácticas nos centros colaboradores (Prácticum I no 1º semestre e Prácticum II no 2º semestre). Todo o referido a oferta de materias, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación correspóndese co recollido na citada memoria de verificación. O título non conta con curso de adaptación nin con programas de mobilidade entrante ou saínte dirixidos ao alumnado.

A organización das materias en grupos expositivos e interactivos no curso 2020-2021 parte da proposta da Programación Docente Anual (PDA) enviada pola Vicerreitoría de Organización Académica da USC, e realízase de acordo a criterios organizativos e alegacións presentadas polos distintos departamentos que participan no máster. Tendo en conta os últimos datos dispoñibles relativos ao curso 2017-2018, a media intercampus de estudantes por grupo de teoría sitúase en 26,16 (27,05 en Lugo e 26,04 en Santiago). Por grupo de docencia interactiva no curso 2020-2021 a media intercampus é de 25,51 (22,44 en Lugo e 26,57 en Santiago) sendo a media da USC 12,80. No tocante a media de matriculados en materias

FB e OB por grupo de teoría (expositivas) é de 26,89 (28,05 en Lugo e 26,57 en Santiago).

Na Facultade de Ciencias da Educación desenvolveu a súa docencia nunha modalidade semipresencial por condicionantes sanitarios de acordo coas [Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura. Curso 2020-2021](#), elaboradas pola Comisión para a Planificación Docente da USC. O centro elaborou, asemade, unha [Guía para o seu alumnado coa organización da docencia e as medidas de seguridade para o o curso 2020/21](#), con data 16/09/2020 e actualizada no 28/01/2021 para o segundo semestre. A Guía para o alumnado publicouse na páxina web do centro e tamén, coa distribución de quendas e horarios das materias, na aula virtual de coordinación do máster. De acordo co recollido na Guía, as sesións (expositivas e interactivas) das materias foron semipresenciais e o alumnado dividiuse en dúas quendas, a 1ª metade do grupo (quenda 1) e a segunda metade (quenda 2). De igual xeito, estableceuse un ciclo básico de 2 semanas que se repetiu o longo do curso: Semana 1 Semipresencial: acude ao centro tanto as sesións expositivas como interactivas a quenda 1; Semana 2 Semipresencial: acude ao centro tanto as sesións expositivas como interactivas a quenda 2. A coordinación do máster reaxustou algunha quenda por adecuación das especialidades/itinerarios e/ou outras casuísticas similares, sen distorsionar a finalidade do sistema de rotación formulado. As sesións non presenciais (telemáticas, síncronas e asíncronas) desenvolvéronse segundo as indicacións do/s docente/s da materia na aula virtual, sistemas de videoconferencia, tarefas, recursos... garantindo o seguemento do todo o alumnado.

Na Facultade de Formación do profesorado a docencia desenvolveuse nunha modalidade semipresencial por condicionantes sanitarios como se indicou no caso da Facultade de Ciencias da Educación. Na FFP elaboráronse os protocolos de seguridade dispoñibles para o alumnado e profesorado a través da Aula de Coordinación do MFP <https://cv.usc.es/course/view.php?id=19267> (adxúntanse en formato PDF). A semipresencialidade só se levou a cabo ata o mes de marzo, desde entón a totalidade de alumnado sen dispensa recibiu docencia de forma presencial tanto nos grupos interactivos como nos expositivos.

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A participación no máster dun elevado número tanto de estudantes, que acceden de diferentes titulacións, como de docentes, que forman parte de distintas áreas e departamentos, así como a particularidade de impartirse en dúas cidades, campus de Lugo e campus de Santiago, require de mecanismos e estratexias que velen pola súa coordinación constante. Para levar a cabo este labor é fundamental o papel que desenvolve a Comisión do Título (Santiago-Lugo) que, en cumprimento co establecido no artigo 3 do Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC, aprobado polo Consello de Goberno do 28 de xullo de 2017, é o órgano colexiado ordinario de xestión do título encargado de velar polo desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria. Ao estar constituída por representantes do PDI, PAS e alumnado das dúas facultades tamén funciona como unha comisión intercentros, polo que é un punto forte na coordinación da titulación. A súa fragmentación en dúas comisións perxudicaría as dinámicas de traballo conxuntas, e moitas das accións que se realizan en cada centro non resultarían operativas. De feito, a elaboración conxunta de guías e calendarios referidos ás materias centrais do máster, Prácticum e Traballo Fin de Máster, ven sendo unha boa práctica da súa organización.

Aínda que o centro responsable da titulación é a Facultade de Ciencias da Educación, campus de Santiago, cóntase cunha coordinación académica complementaria na Facultade de Formación do Profesorado, campus de Lugo.

No marco da coordinación da actividade docente e do seguemento das diferentes materias que compoñen o plan de estudos executouse a **AM-1 (Curso 2020-2021)**:

- Esta acción consistiu en deseñar unha **estratexia para revisar as guías docentes** e comprobar a súa adecuación á memoria do título, coa finalidade de detectar posibles desaxustes ou carencias que poideran ser corrixidos polo profesorado responsable das materias.
- Na sesión ordinaria da Comisión do Título (Santiago-Lugo) que tivo lugar o 9 de abril de 2021 acordouse aprobar dita estratexia de revisión dos programas das materias para o curso 2021-2022, establecendo persoas encargadas e prazos de execución. O resultado da revisión trasladouse ao profesorado responsable de introducir a programación docente na secretaría virtual no período do 12 de abril ao 4 de xuño.
- Na sesión ordinaria que tivo lugar o 9 de xuño de 2021 a Comisión do Título (Santiago-Lugo) acordou, tendo en conta o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago de Compostela (Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017) apartado 3.8.d., informar favorablemente á xunta do centro sobre os programas das materias para o curso académico 2021-2022, previamente aprobados polos departamentos con encargo docente na titulación, agás o correspondente á materia P3241203 no que se refire aos contidos, sendo preciso adecualos ao recollido na Memoria de Verificación do Título vixente.
- No mes de xullo, recibíuse un aviso do SXOPRA tras detectar que en catro materias faltaban datos en relación co Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-2022 aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2021. Abriuse un prazo de subsanación para incorporarlle a estes programas (Observacións).

A Facultade de Ciencias da Educación crea o Consello de Estudante dos másters, como un órgano consultivo e participativo, coa finalidade de atender as demandas do alumnado e democratizar a súa participación e dinamizar o seu proceso de integración na vida do Centro. Con tal motivo, deséñase para a próxima edición do máster a **AM-7 (Curso 2021-2022)**. Desde a coordinación do título realízanse diversos encontros ao longo do curso académico coas persoas delegadas das especialidades e os representantes do alumnado na Comisión. A constitución do citado Consello de Estudantes favorecerá as estreaxias de debate e reflexión que se veñen desenvolvendo nos distintos títulos do centro.

A realización de prácticas externas en “centros sostidos con fondos públicos en que se impartan todas ou algunhas” das súas ensinanzas da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio), é un elemento clave deste máster profesionalizante. A través das prácticas o alumnado ten a posibilidade de desenvolver, nun contexto laboral real, as competencias específicas do máster e tomar contacto coa socialización profesional. O Prácticum, cunha asignación de 12 créditos de carácter obrigatorio, está organizado en dous períodos (Guía do Prácticum 2020-2021 publicada na Intranet da Web do Centro e na aula virtual da materia):

- Prácticum I, de 4 créditos, está orientado primariamente a analizar as características do centro educativo, da súa organización e xestión, do clima escolar e profesional, e do contexto sociocultural en que se insire. Como preparación para o Prácticum II, debe permitir tamén un achegamento ao ámbito específico da especialidade a través da observación das dinámicas de ensino-aprendizaxe na aula e/ou das actividades do departamento de orientación educativa.
- Prácticum II, de 8 créditos, está centrado fundamentalmente na especialidade de cada estudante e na adquisición de competencias para exercer como docente dunha materia / área / módulo determinado ou para desenvolver as tarefas de orientación educativa. Complementariamente debe servir tamén para aprofundar na

vida docente mediante a participación en tarefas colectivas de carácter curricular e extracurricular.

Os centros e docentes interesados en colaborar neste módulo formativo poden solicitar a súa acreditación á consellería, sempre que cumpran cos requisitos establecidos na correspondente convocatoria anual. A publicación da listaxe definitiva de docentes e centros acreditados realízase normalmente no mes de novembro, poucos días antes do comezo das prácticas; polo que sería desexable poder dispor de máis tempo para levar a cabo o proceso de escolla e asignación, tendo en conta o elevado número de estudantes matriculados.

A organización do Prácticum supón unha colaboración estreita entre as distintas figuras con funcións e responsabilidades específicas: coordinador/a do máster, as persoas que exercen a coordinación e a titoría no centro de secundaria, a persoa responsable da titoría na universidade e o propio alumnado en prácticas. A coordinación do máster organiza sesións informativas co alumnado e encárgase de asignar o docente universitario que supervisará esta formación. Durante o curso 2020-2021 estas sesións preparatorias na FFP-Lugo contaron coa presenza dun experto externo. Para dar continuidade a esta boa práctica, deséñase a **AM-8 (Curso 2021-2022)**, que contribuirá a insistir na relevancia socio-educativa das prácticas de ensinanza.

Pola súa parte, en cada centro educativo hai unha coordinación das prácticas que distribúe ao alumnado que acolle entre o profesorado acreditado para a súa titorización. Os contidos do Prácticum I orientáanse complementariamente polas persoas responsables da coordinación das prácticas e da titoría no centro de secundaria. Os do Prácticum II son responsabilidade fundamentalmente do titor/a, aínda que coa coordinación necesaria a nivel de centro nas tarefas non específicas da especialidade. Normalmente a comunicación entre supervisores universitarios e titores dos centros adoita resolverse a través do correo electrónico.

Por acordo da comisión permanente da Conferencia de Decanas e Decanos de Educación (27 de xullo de 2020) as prácticas curriculares no curso 2020-21 foron presenciais “tal e como se establece nas ordes ECI e nas memorias de verificación dos títulos. Polo tanto, levaranse a cabo nos centros educativos e/ou institucións colaboradoras e o alumnado en prácticas adaptarase aos plans de continxencia que estes habiliten no seu caso. Calquera outra cuestión sobrevida que poida producirse derivada da situación sanitaria e que requira toma de decisións respecto diso realizárase, garantindo a igualdade de oportunidades, de acordo cos criterios que a Conferencia de Decanas e Decanos de Educación determine. Estes acordos serán remitidos a CRUE, Ministerio de Universidades e axencias españolas de calidade universitaria a efecto de cumprir cos procesos formais de seguimento e calidade dos títulos.”

As prácticas de ensinanza transcorreron sen incidencias. O Prácticum I desenvolveuse do 30 novembro ao 22 decembro de 2020, e o Prácticum II do 5 de abril ao 14 de maio. Colaboraron un total de 98 centros (82 Santiago e 28 Lugo), coa súa correspondente coordinación de prácticas, e 193 tutores/as (143 Santiago e 51 Lugo). Asígnouse centro a 242 estudantes (183 de Santiago e 59 de Lugo), supervisados por 55 docentes universitarios (42 en Santiago e 13 en Lugo), que asumiron unha labor intensa para o escaso encargo lectivo desta materia: 0,8h/estudiante no Prácticum I e 1h/estudiante no Prácticum II.

O título impártese unicamente en modalidade presencial. O alumnado pode acollerse á modalidade de matrícula a tempo parcial (15% das prazas ofertadas), para cursar polo menos a metade dos créditos no primeiro ano, ou solicitar unha dispensa de asistencia a clase acolléndose á [Instrucción nº1/2017 da Secretaría Xeral da USC sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias](#), sobre todo por causas sobrevidas e excepcionais, de conciliación familiar (dependentes ao seu cargo ata o segundo grao de consanguinidade), enfermidade grave ou tratamento médicos inaprazables, sufrir acoso ou ter unha ocupación profesional con alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social.

En comparación coas edicións anteriores, a concesión de dispensas sigue en aumento. O profesorado debe incluír nos

programas das súas materias un sistema de avaliación alternativo para que estes estudantes poidan alcanzar as mesmas competencias que na docencia presencial (**Táboa 8**).

**Táboa 8.** Dispensas de asistencia a clase concedidas. Fonte: Coordinación do Máster.

	2018-2019		2019-2020		2020-2021	
	1º semestre	2º semestre	1º semestre	2º semestre	1º semestre	2º semestre
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	22	13	25	23	44	40
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	18	18	22	18	27	24
<b>Total</b>	<b>40</b>	<b>31</b>	<b>47</b>	<b>41</b>	<b>71</b>	<b>64</b>

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Para ter acceso ao máster os estudantes deben estar en posesión dun título oficial universitario español que permita cursar estudos de posgrao. Aqueles que sexan titulados por sistemas educativos doutros países deben ter homologado o seu título no momento de finalización do prazo de preinscrición. Para analizar o perfil de ingreso, é preciso consultar o listado de titulacións universitarias que dan acceso a cada especialidade e de xeito orientativo aos itinerarios. A Comisión do Título, como órgano colexiado que vela pola xestión do máster pode acordar, á vista das solicitudes recibidas, a incorporación de novas titulacións de acceso. Esta información está recollida na convocatoria xeral de matrícula (**Táboa 9**).

**Táboa 9.** Correspondencia de titulacións de acceso coas especialidades no curso 2020-2021. A correspondencia é por especialidades; os itinerarios teñen carácter orientativo. Fonte: Convocatoria Xeral de Matrícula 2020-2021 da USC.

Especialidade	Itinerario	Titulacións de acceso	
<b>Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática</b>	Ciencias Experimentais (Santiago e Lugo)	Enxeñarías L/G en Bioloxía L/G en Biotecnoloxía L/G en Ciencias Ambientais Grao en Ciencias Biomédicas L/G en Ciencias do Mar L/G en Farmacia L/G en Física	G en Nutrición Humana e Dietética L. en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos L/G en Química L/G en Veterinaria L/G en Xeoloxía G en Nanociencia e Tecnoloxía G en Xenética
	Matemáticas (Santiago)	Arquitectura Enxeñarías L/G en Física	L/G en Matemáticas G en Nanociencia e Tecnoloxía Grao en Xenética
<b>Ciencias Sociais e Humanidades</b>	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia (Santiago)	L/G en Ciencias do Traballo L/G en Ciencias Políticas e da Administración L/G en Dereito L/G en Economía L/G en Historia	L/G en Historia da Arte L/G en Humanidades. L/G en Socioloxía L/G en Xeografía L/G en Xornalismo Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
	Filosofía (Santiago)	L/G en Antropoloxía Social e Cultural L/G en Filosofía	G en Filosofía, Política e Economía

<b>Artes</b>	Artes Plásticas e Visuais (Santiago)	Arquitectura Estudos superiores de Deseño L/G en Belas Artes	L/G en Comunicación Audiovisual L/G en Historia da Arte G en Pedagogía das Artes Visuais e Danza
	Música (Santiago)	L/G en Historia e Ciencias da Música Mestre en Educación Musical Título Superior de Arte Dramática Título Superior de Danza Título Superior en Música (en calquera das súas especialidades)	Título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais G en Fotografía e Creación Dixital G en Pedagogía das Artes Visuais e Danza
<b>Formación Profesional</b>	Sector Servizos (Santiago)	D/G en Biblioteconomía e Documentación D/G en Ciencias Empresarias D/G en Educación Social D/G en Enfermaría D/G en Fisioterapia D/G en Logopedia D/G en Óptica e Optometría D/G en Podoloxía D/G en Relacións Laborais e Recursos Humanos D/G en Terapia Ocupacional D/G en Traballo Social D/G en Turismo D/G en Xestión e Administración Pública G en Fotografía e Creación Dixital G en Nutrición Humana e Dietética G en Gastronomía e Ciencias Culinarias Grao en Pequenas e Medianas Empresas L/G en Administración e Dirección de Empresas L/G en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	L/G en Ciencias da Actividade Física e do Deporte L/G en Ciencias Políticas e da Administración L/G en Comunicación Audiovisual L/G en Documentación L/G en Economía L/G en Farmacia L/G en Medicina e Cirurxía L/G en Odontoloxía G en Protocolo e Organización de Eventos L/G en Psicoloxía L/G en Publicidade e Relacións Públicas L/G en Socioloxía L/G en Veterinaria L/G en Xornalismo Mestre en Educación Infantil Mestre en Educación Primaria G en Comercio Internacional
	Sector Primario e Secundario (Lugo)	Arquitectura Arquitectura Técnica D/G en Máquinas Navais D/G en Navegación Marítima Enxeñaría	Enxeñaría Técnica L/G en Máquinas Navais L/G en Náutica e Transporte Marítimo
<b>Linguas e Literaturas</b>	Linguas Clásicas (Santiago)	L/G en Filoloxía Clásica	
	Literatura Galega, e Lingua e Literatura Castelá (Santiago)	L/G en Filoloxía Galega L/G en Filoloxía Hispánica L/G en Teoría da Literatura e	Literatura Comparada L/G en Xornalismo
	Linguas Estranxeiras (Santiago e Lugo)	L/G en Filoloxía Alemana L/G en Filoloxía Francesa L/G en Filoloxía Inglesa L/G en Filoloxía Italiana L/G en Filoloxía Portuguesa L/G en Filoloxía Románica L/G. en Filoloxía Catalana	L/G en Tradución e Interpretación Mestre en Lingua Estranxeira Mestre en Educación Primaria mención en Lingua estranxeira Filoloxía Árabe Estudos de Asia e África: árabe, chinés e xaponés
	Orientación Educativa (Santiago)	D/G en Educación Social L/G en Pedagogía L/G en Psicoloxía	L/G en Psicopedagogía Mestre en todas as súas especialidades

A partir dos datos facilitados para a elaboración deste auto-informe de seguimento sobre o número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia, as titulacións de acceso das que proveñen máis estudantes son: Grao en Ciencias Ambientais pola UNED (13), Grao en Historia pola USC (11), Grao en Matemáticas pola USC (10) e Grao Psicoloxía pola USC (10) no campus de Santiago; Grao Lingua e Literatura Inglesas pola USC (7), Grao en Enxeñaría de Procesos

Químicos Industriais pola USC (5), Grao en Lingua e Literatura Modernas pola USC (4) no campus de Lugo.

Todos os estudantes deben acreditar un nivel B1 de competencias lingüísticas dunha lingua estranxeira. Na páxina da [Oficina de Información Universitaria](#) se pode consultar tanto o acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2019, sobre o recoñecemento de idiomas no título de grao, como a relación de Diplomas e certificacións recoñecidos pola USC para a acreditación da competencia lingüística B1. Esta acreditación deberá realizarse de xeito previo ou simultáneo á formalización da matrícula, pero non en data posterior a este prazo. No caso de que unha titulación permita acceder a máis dunha especialidade se poden solicitar varias indicando a orde de preferencia, que será vinculante para a asignación da praza. Nas especialidades que se oferten nos dous campus se pode solicitar praza nos dous, indicando a orde de preferencia que tamén será vinculante.

En base ao [Acordo do Consello de Goberno, do 28 de febrero de 2019, sobre a esixencia do nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial](#), de estudantes procedentes de países de lingua diferente ao español, galego ou portugués, a Comisión do Título aprobou como requisito de acceso un nivel Celga III ou superior de coñecemento de lingua galega e un nivel B2 ou superior de coñecemento de lingua española (Acta do 15 de marzo de 2019).

O 72,11% dos estudantes matriculados no máster son egresados da USC (69,01% en Lugo e 72,65% en Santiago). Apenas rexístrase presenza de estudantes estranxeiros (0,00% en Lugo e 1,41% en Santiago). Disminúe lixeiramente a porcentaxe dos nacionais de fóra de Galicia ata de 5,14% do curso anterior ata 3,74%, aínda que este valor aumenta en Lugo de 2,82% pasa a 4,23% e descende en Santiago de 5,83% a 3,59%. A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos é de 8,02, a maior das últimas edicións (**Táboa 10**). A totalidade do alumnado accede á titulación con puntuación superior a seis.

**Táboa 10.** Nota media de acceso por preinscrición no curso 2020-2021. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	6,91	6,81	6,90	6,93	6,92	7,22	7,52
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	7,48	7,84	7,73	7,72	7,96	8,06	8,25
<b>Total</b>	<b>7,03</b>	<b>7,53</b>	<b>7,52</b>	<b>7,50</b>	<b>7,61</b>	<b>7,80</b>	<b>8,02</b>

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No desenvolvemento do máster aplícase o marco normativo da Universidade de Santiago relacionado cos [estudantes e a calidade da docencia](#), tanto o referido á permanencia, matrícula e réxime de convocatorias, como á regulación do progreso académico. En canto á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, no campus de Santiago resolvéronse favorablemente 23, casi o dobre da edición anterior (12) solicitudes de convalidación de estudos, que están recollidas na **Evidencia E6**.

No que atinxe ao Traballo Fin de Máster, mencionar que no curso 2019-2020 actualizouse o Regulamento propio, aprobado pola Xunta de Facultade de 28 de xuño de 2019 e polo Consello de Goberno do 18 de xullo de 2019) ([Web do título](#)),



conforme ás indicacións recollidas no [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na USC](#) aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016. No tocante a esta materia tamén se aplica a [Instrución nº4/2011 da Secretaría Xeral da USC sobre Revisión de traballos de Fin de Grao ou Máster](#), a [Normativa de avaliación e rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións](#), aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, así como a [Normativa do Repositorio da USC](#), aprobada polo Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011.

Debido á excepcional situación de pandemia ocorrida no curso 2020-2021, a presentación e defensa do TFM realizouse por medios telemáticos ante tribunal (MS Teams) de acordo co establecido no Protocolo da Facultade de Ciencias da Educación para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021 (RR 02/09/2020), e de acordo tamén co establecido na [Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para un uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-2021](#).

O/A secretario/a do tribunal encargouse de crear a sesión para a defensa e de remitir o enlace da mesma ao decanato por se houbera solicitudes para presenciar o acto. As persoas que desexarann presenciar o acto virtual deberían solicitalo con cinco días de antelación á realización do mesmo ante o Decanato, quen facilitaría o enlace da sesión, indicando nome, apelidos e enderezo de correo electrónico co que se querían conectar. Recibirían no correo facilitado unha invitación para unirse ao grupo no software MS Teams creado para levar a cabo a defensa.

No tocante ao Prácticum, para dar cumprimento á [Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor](#), modificada pola [Lei 26/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia](#) e a [Lei 45/2015 de voluntariado](#), os estudantes que queiran realizar este módulo formativo deben achegar a certificación negativa do [Rexistro Central de Delinquentes Sexuais](#) e presentala coa matrícula.

A organización das prácticas vén determinada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago e a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a aplicación da [Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desneolvemento das prácticas correspondente a este máster na Comunidade Autónoma de Galicia](#) (DOG do 13 de maio).

A aplicación das distintas normativas contribúe a un adecuado desenvolvemento do título que pode medirse nos resultados de aprendizaxe recollidos no Criterio 6 deste autoinforme.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A través das páxinas web dos centros de impartición do título, Facultade de Formación do Profesorado en Lugo, [Web do centro](#), e Facultade de Ciencias da Educación en Santiago, [Web do centro](#), se pode acceder á información relativa sobre o programa formativo do máster e a súa organización xeral: perfil de ingreso, criterios de admisión, prazas ofertadas, prazo de preinscrición, procedemento de matrícula, especialidades e itinerarios ofertados, programas das materias, horarios e calendario de avaliación. Os contidos están presentados de forma clara e sinxela para facilitar a súa consulta, con apartados específicos adicados aos seguintes elementos centrais da titulación: Presentación, con acceso á memoria do Título, Desenvolvemento, Plan de estudos, Oferta e admisión, Obxectivos, competencias e saídas profesionais, Mobilidade e Prácticas, Traballo Fin de Máster, Equipo docente e Indicadores de calidade. Esta información ofrécese para cada una das especialidades do máster.

O cambio da páxina Web da USC no curso 2020-21 implicou que o acceso á información xestionada desde o centro se realizase desde a rede interna da USC ([Intranet da Facultade de Ciencias da Educación](#), [Intranet da Facultade de Formación de Profesorado](#)). Neste espazo publícase a información académica xeral, como o calendario de aulas e de exames, o Traballo Fin de Máster, o Prácticum, Dispensa de asistencia a clase e Estudiantes (persoas delegadas por especialidade e representantes do alumnado na Comisión do Título).

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, cunha taxa de participación do 37,04% (inferior á do curso anterior 42,59%), a información da que dispoñe (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias) é valorada en 4,05 sobre 5, lixeiramente superior á edición pasada (3,91). O alumnado, cunha taxa de participación do 17,25% na enquisa de satisfacción, sinala un valor medio de 3,09 sobre 5 en relación coa información dispoñible da titulación.

No campus virtual dispóñese dunha aula virtual de coordinación con un foro de novas para compartir con estudantes e docentes a información relevante e avisos sobre actividades, cursos, xornadas, etc. que xurden ao longo do curso. Durante a situación de docencia non presencial derivada da COVID-19 o campus virtual foi fundamental para a xestión da titulación. No campus de Santiago publicáronse, ademais do horario e da información sobre actividades, a [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso](#), o [Protocolo para xestión de casos COVID-19 na USC](#), e as [Medidas relativas ao acceso e permanencia nas instalacións adoptadas na Facultade de Ciencias da Educación](#). Nas aulas virtuais do Traballo Fin de Máster e do Prácticum 2, ademais de foros creados para avisos e atención de dúbidas, publicáronse tamén as asignacións de tutores/as e supervisores/as, así como as indicacións para a avaliación destas dúas materias.

En xeral, o profesorado (37,04% participación) considera que o uso do campus virtual facilita o seu labor docente cunha puntuación de 4,33 sobre 5. Mentras que o alumnado (17,25% participación) valora que o uso do campus virtual é útil e facilita as súas xestións académicas cunha puntuación media de 3,66 sobre 5.

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias da Educación, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade, busca a mellora continua do centro para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias da Educación, elabora a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos no seu Plan estratéxico (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021), dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro tivo unha implantación progresiva e, nos últimos anos, foi sometido a unha análise exhaustiva. A última revisión do Manual do Sistema de Garantía de Calidade, a 4ª, foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021. O Manual de Procesos tamén foi revisado e actualizado durante o meses de novembro e decembro de 2021 e aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021.

Como se indica anteriormente, o centro dispón do Plan estratéxico ponte (2020-22), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

O SGC dispón de procedementos e mecanismos que permiten recoller e analizar, de xeito continuo, a información e os resultados relevantes, especialmente no que respecta aos resultados da aprendizaxe e ao grao de satisfacción dos distintos grupos de interese o que permite o logro dunha xestión eficaz e eficiente do título. Neste sentido, o SGC conta cun procedemento específico, a nivel institucional para recoller a satisfacción dos diferentes colectivos. A USC aplica periodicamente as enquisas segundo a planificación de cada curso académico (enquisas a alumnado, enquisas a profesorado, enquisas a PAS, enquisas a egresados, enquisas a empresas que reciben alumnado en prácticas, etc.). As respostas a estas enquisas e o resto de indicadores que elabora a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC son empregados pola Comisión do Título e pola Comisión de Calidade do centro para a revisión e mellora do programa formativo. A recollida e análise dos resultados atende especificado no Manual de procesos, actuando os/as coordinadores/as de curso, a/o coordinador de título e as distintas comisións implicadas, de modo especial a Comisión do título e a Comisión de Calidade do centro. Pódese observar este seguimento a través das evidencias das actas de reunións e distintos informes elaborados onde quedan recollidas as distintas debilidades e ameazas atopadas á hora da

implantación e seguimento do título, así como as propostas de accións de mellora levadas a cabo.

Tanto a Comisión de título como a Comisión de Calidade do centro realizan reunións periódicas co obxectivo de coordinar e planificar a docencia acorde coas directrices das memorias dos títulos. Tamén se levan a cabo reunións de coordinación por curso, a través dos distintos coordinadores que fan chegar as súas suxestións e inquietudes a/o coordinador de título.

Finalmente, en relación ao procedemento de suxestións e reclamacións, este desenvolveuse conforme ao establecido, tanto no marco do centro, como no ámbito máis amplo da USC, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR). A facultade, coa finalidade de aumentar a súa visibilidade, incluíu, na páxina Web do centro, un documento que explica as distintas canles dispoñibles para presentar suxestións e reclamacións. O equipo decanal analiza e da resposta a cada escrito recibido e, de acordo co procedemento PS-05 Xestión das incidencias, a Comisión de Calidade do centro analiza a relación de suxestións e reclamacións recibidas tanto a nivel interno, no propio centro, como externo, a través da OAR e elabora, con carácter anual, o correspondente Informe de Xestión de Incidencias, que se atopa na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión e na Intranet da facultade.

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen levado a cabo os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade do centro, que convertido nun órgano transversal, analiza regularmente a información e resultados dos títulos do centro.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación do SGC e o traballo da Comisión de Calidade do centro posibilita o proceso de seguimento, modificación e acreditación do título así como a mellora continua desde a súa implantación, ao ter establecidos os procedementos de recompilación e análise da información relevante, tanto cuantitativa (resultados académicos, das enquisas de satisfacción, inserción laboral, mobilidade, etc.) como cualitativa (reunións mantidas co profesorado, coordinadores de curso e coordinadores de grao, alumnado, profesorado titores de prácticas externas, coordinador de TFG, etc.).

A Facultade de Ciencias da Educación, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade, busca a mellora continua do centro para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias da Educación, elabora a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos no seu Plan estratéxico (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021), dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Comisión de Calidade do centro vela polo cumprimento destes obxectivos facendo un seguimento das accións estratéxicas. Na Memoria de Calidade do centro recóllense as accións de mellora levadas a cabo e o seu grao de cumprimento así como as accións de mellora a levar a cabo no próximo curso segundo os informes de seguimento e

acreditación.

Anualmente, a Comisión de Calidade do centro realiza o seguimento da execución das accións de mellora formuladas polo centro e polos distintos títulos.

Deséñase a **AM-6 (Curso 2021-2022)** sobre a participación do título na mellora dos procesos vinculados a calidade na Facultade de Ciencias da Educación, no marco da acreditación do centro que terá lugar durante o próximo curso académico.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha [Política de Calidade](#) definida [no Manual do SGC](#) exposta publicamente na [páxina Web da facultade](#) para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na Web da facultade tamén está dispoñible o [Manual de procesos do SGC](#). O SGC está en constante revisión e mellora, tal e como se constata no historial de revisións da documentación. Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun [Plan estratéxico](#), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03 de marzo de 2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

Nas actas da Comisión de Calidade do centro, das Comisións dos títulos e na Memoria de Calidade do centro dáse conta da implicación dos diferentes grupos de interese no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento.

Tal e como se evidencia nas diferentes actas, a Comisión de Calidade do centro, a través do representante do estudantado, e as coordinacións de curso e de titulación recollen as propostas e suxestións realizadas polo alumnado e polo profesorado con relación a diferentes aspectos.

Na Memoria de Calidade do centro evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o Plan estratéxico e os distintos informes de seguimento. Ademais, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (referidos ao nivel de satisfacción de todos os grupos de interese) son analizados pola Comisión de título e a Comisión de Calidade do centro.

A Facultade de Ciencias da Educación realiza accións constantes para que cultura da calidade forme parte da vida do centro. As alusións constantes aos procesos de calidade recóllense nas diferentes actas da Xunta de Facultade, ademais, traballouse intensamente na reestruturación da información na páxina Web, na creación de aulas virtuais de coordinación da calidade e, entre outros, na creación de órganos para dar a coñecer o SGC ao alumnado. Todo isto co obxectivo de transmitir a toda a comunidade universitaria o espírito de calidade e mellora continua do centro.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2020-2021 participan no desenvolvemento do máster un total de 104 docentes (81 en Santiago e 23 en Lugo), adscritos a áreas de coñecemento recoñecidas na USC e vencellados a distintas categorías. Na enquisa realizada ao profesorado sobre a titulación, cun 37,04% de participación, a valoración da calidade docente rexistra unha puntuación de 4 sobre 5, e a súa satisfacción xeral é de 3,97 sobre 5.

Como vén sucedendo nos últimos anos, destaca a continua diminución na porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total da titulación, o que indica unha latente precarización dos contratos, taxas de reposición insuficientes e o estancamento na promoción do profesorado contratado. Esta situación tamén incide negativamente no recoñecemento da investigación desenvolvida, pois unha boa parte dos docentes no curso 2020-2021 non podía solicitar o recoñecemento de sexenios pola figura na que estiveron contratados (63,41%, fronte á media USC de 89,11%):

- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 25,47% (27,16%, en Santiago e 20% en Lugo), un valor que se atopa en continuo descenso desde o curso 2012-2013 (53,41%) (**Táboa 11**), e que é considerablemente inferior á media USC de 60,42%, o que amosa unha clara precariedade laboral no corpo docente desta titulación.

**Táboa 11.** Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2012-13	2013-14	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	50,00	52,17	45,83	35,00	31,58	25,00	16,67	20,00
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	-	44,44	38,36	37,66	28,57	29,76	27,16
<b>Total (%)</b>	<b>53,41</b>	<b>53,68</b>	<b>44,79</b>	<b>37,63</b>	<b>36,99</b>	<b>28,13</b>	<b>26,85</b>	<b>25,47</b>
<b>Media USC</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>58,91</b>	<b>54,64</b>	<b>61,35</b>	<b>60,42</b>

- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total: 63,21% (66,67% en Santiago e 52% en Lugo), lixeiramente superior ao curso anterior (61,11%), pero aínda moi inferior ao curso 2012-2013 (81,82%) e á media USC de 90,13% (**Táboa 12**).

**Táboa 12.** Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2012-13	2013-14	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	72,73	73,91	75,00	70,00	68,42	54,17	50,00	52,00
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	-	76,39	73,97	74,03	65,48	64,29	66,67
<b>Total (%)</b>	<b>81,82</b>	<b>82,11</b>	<b>76,04</b>	<b>73,12</b>	<b>73,41</b>	<b>62,96</b>	<b>61,11</b>	<b>63,21</b>
<b>Media USC</b>	-	-	-	-	<b>87,49</b>	<b>89,38</b>	<b>89,94</b>	<b>90,13</b>

- Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total: 63,41% (66,67% en Santiago e 50% en Lugo), (**Táboa 13**), de novo un valor moi inferior á media USC de 89,11%.

**Táboa 13.** Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2012-13	2013-14	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	27,27	39,13	64,29	60,00	55,56	55,56	42,86	50,00
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	-	64,29	65,00	58,14	66,67	68,42	66,67
<b>Total (%)</b>	<b>32,95</b>	<b>38,95</b>	<b>64,29</b>	<b>64,00</b>	<b>57,89</b>	<b>64,44</b>	<b>64,44</b>	<b>63,41</b>
<b>Media USC</b>	-	-	-	-	<b>82,45</b>	<b>88,27</b>	<b>88,97</b>	<b>89,11</b>

Facultade de Ciencias da Educación (campus de Santiago) (**Táboa 14**):

- Dos 81 docentes (16 departamentos e 27 áreas de coñecemento) que participan no título dous pertencen ao corpo de catedrático/a de universidade. Igual que no curso anterior o número de profesorado asociado de universidade LOU é similar (17) ao profesorado titular (18). A presenza dos asociados en titulacións habilitantes é importante, pero sen que sexa un mecanismo para evitar a estabilización de PDI. A porcentaxe de horas docentes asignadas a este corpo é de 22,99%, seguido do 18,09% a contratados/as doutores/as e do 17,94 a titulares de universidade. Neste curso soamente un 3,70% sobre o total do profesorado do título participou en programas de mobilidade, algo superior que na edición anterior (2,41%).

**Táboa 14.** Tipoloxía do profesorado do Título no Campus de Santiago. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe horas
Contrato Posdoutoral Ministerio	1	1,23%	8,75	0,35%
Contrato Posdoutoral Xunta	1	1,23%	28,00	1,13%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	17	20,99%	570,50	22,99%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	-2,47%	57,00	2,30%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a	3	3,70%	102,50	4,13%
Profesor/a: Profesor/a Axudante Doutor/a LOU	13	16,05%	295,00	11,89%
Profesor/a: Profesor/a Contratado/a Doutor/a	11	13,58%	449,00	18,09%
Profesor/a: Profesor/a interino/a	14	17,28%	420,50	16,95%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	2	2,47%	105,00	4,23%
Profesor/a: Titular de Universidade	18	22,22%	445,26	17,94%
<b>Total</b>	<b>81</b>	<b>100,00%</b>	<b>2481,51</b>	<b>100,00%</b>



Facultade de Formación de Profesorado (campus de Lugo) (**Táboa 15**):

- Dos 23 docentes (8 departamentos e 11 áreas de coñecemento) participa un catedrático de universidade. O persoal académico con maior presenza é o asociado de universidade LOU (8). A participación dos asociados en titulacións profesionalizantes é fundamental, pero non pode empregarse como estratexia de contratación barata de PDI para cubrir vacantes. A porcentaxe de horas docentes asignadas a este corpo é de 29,59%. Neste curso, igual que no anterior, ningún docente participa en programas de mobilidade.

**Táboa 15.** Tipoloxía do profesorado do Título no Campus de Lugo. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	6	26,09%	239,90	29,59%
Profesor/a: Catedrático de Universidade	1	4,35%	41,50	5,13%
Profesor/a: Colaborador/a	1	4,35%	22,00	2,72%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a	1	4,35%	63,00	7,79%
Profesor/a: Profesor/a Axudante Doutor/a LOU	3	13,04%	125,50	15,52%
Profesor/a: Profesor/a Contratado/a Doutor/a	5	21,74%	133,50	16,51%
Profesor/a: Profesor/a interino/a	3	13,04%	106,00	13,11%
Profesor/a: Titular de Universidade	3	13,04%	78,00	9,64%
<b>Total</b>	<b>23</b>	<b>100,00%</b>	<b>808,80</b>	<b>100,00%</b>

Polo que se refire á formación continua do profesorado, a USC ofrece mensualmente cursos a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID). A porcentaxe de PDI que realiza algún curso no curso 2020-2021 rexistra un aumento respecto ao curso anterior, pasando dunha participación de 56,47% a unha do 65% (51,67% en Santiago e 78,26% en Lugo) (**Táboa 16**).

**Táboa 16.** Participación do PDI nos plans de formación. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	38,57%	39,71%	36,58%	20,74%	36,99%	60,51%	78,26%
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	28,58%	14,74%	37,68%	38,82%	37,99%	52,42%	51,67%
<b>Total (%)</b>	<b>33,71%</b>	<b>27,22%</b>	<b>37,13%</b>	<b>29,78%</b>	<b>37,49%</b>	<b>56,47%</b>	<b>65%</b>

Durante o curso 2020-21 a Facultade de Ciencias da Educación organizou, dentro do Plan de Formación da Demanda do Programa de formación e innovación docente, a actividade: **[PFID.20far-14] Organización e xestión da interacción e as dinámicas de traballo nun escenario de docencia universitaria**. Nesta actividade participaron 41 docentes da facultade.

Asemade, levouse a cabo a **AM-2 (Curso 2020-2021)**, co propósito de introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do máster. A través desta acción organizouse un curso específico para o profesorado da titulación en colaboración coa Oficina de Igualdade da USC e o Programa de Formación e Innovación Docente:

- **[PFID.20oix-03] A formación do profesorado: un enfoque desde a perspectiva da coeducación** (29 e 30 de xuño e 1, 2 e 6 de xullo de 2021). A escasa inscrición no curso por parte do profesorado do máster motivou que se ofertase ao restos de PDI da USC acadando unha participación de 36 docentes na modalidade en liña. A actividade pretendeu achegar as cuestións chave vinculadas á coeducación para acadar un desenvolvemento integral non sexista na educación.

Aínda que fóra desta acción de mellora, na FFP-Lugo realizouse, asemade charlas-coloquio para incidir neste asunto: “A educación para a igualdade en educación secundaria” e “O deseño de materias curriculares de libre elección para a igualdade en educación secundaria”.

Durante o curso 2021-2022 insistírase na inclusión da perspectiva de xénero a través da **AM-2 (Curso 2021-2022)** dirixida ao alumnado da titulación, para contribuír á sensibilización da sociedade sobre a discapacidade, a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A implantación do máster no curso 2009-2010 se realiza sen ningún apoio administrativo específico, asumindo a carga de traballo e de xestión cos recursos existentes. O informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en marzo de 2017 recolle a falta de recursos na administración do máster e a excesiva carga de traballo que para o PAS da Facultade de Ciencias da Educación representa esta titulación. En novembro de 2018 a ACSUG reitera no seu informe provisional sobre o seguimento do curso académico 2016-2017 a falta de persoal adscrito ao máster e de recursos para a xestión, en particular das tarefas relacionadas co Prácticum. Con todo, o bo resultado acadado na avaliación para o seguimento e a renovación da acreditación no ano 2019 avala o esforzo e as medidas tomadas polo equipo decanal para ter afrontado con éxito a xestión do título.

En xaneiro dese ano a Facultade de Ciencias da Educación solicita a Xerencia reforzo do persoal administrativo para o máster, pero a situación segue sendo a mesma. Esta demanda xustifícase sobre todo para o labor relacionado co Prácticum xa que, en virtude do convenio sobre a súa organización entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, este comprende tanto a súa planificación e desenvolvemento en dous períodos de estadía nos centros, como a preparación dos nomeamentos de titores e coordinadores de centros, das certificacións de horas e dos pagos individuais aos docentes colaboradores. Como a partida orzamentaria é única, esta carga de traballo realízase desde o campus de Santiago tamén para o de Lugo. A esta labor engádense os trámites vinculados co TFM (tribunais, asignación de titor/a, informes de avaliación, etc.), dispensas de asistencia a clase, planificación de horarios, etc.

Facultade de Ciencias da Educación (campus de Santiago):

- Tendo en conta a base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2021, o persoal de apoio da Facultade de Ciencias da Educación está constituído por 16 persoas, practicamente igual ao curso anterior (15) e polo tanto mellorable tendo en conta que a oferta formativa do centro comprende catro graos, un dobre grao e cinco mestrados.
- A súa participación en plans de formación foi do 56,25%, moi inferior ao 77,78% do curso anterior.
- A satisfacción media do PAS co traballo realizado é de 3,84 sobre 5, pero este dato non é representativo e hai que tomalo con cautela porque soamente hai catro enquisas cubertas, aínda que a tendencia é positiva (Gráfica 1). Todos os aspectos se valoran por riba dos 3 puntos sobre 5. Os mellor puntuados son: a formación para manter a calidade do traballo (4,26), os recursos disponibles para o desempeño do traballo son axeitados (4,01) e a comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada (3,97). Pola contra, os menos valorados son: a coordinación con outras unidades da universidade (3,12), o sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado (3,55) e a motivación no traballo (3,60).

Facultade de Formación de Profesorado (campus de Lugo):

- O persoal de apoio da Facultade está formado por 12 persoas, membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS) das que 5 pertencen á área de administración, 1 á área de conserxería, 2 a área de auxiliar técnico de servizos e 4 á área de biblioteca. Este persoal da soporte aos case 900 estudantes repartidos en 2 titulacións de grao, 1 programa de dobre grao e 2 de máster. Todo o persoal conta coa cualificación apropiada para desenvolver as tarefas relacionadas coa titulación.
- A participación do PAS nos plans de formación da USC descendeu con respecto ao curso anterior, pasando dun 57,14% no curso 2019-2020 a un 75% durante o curso 2020-21.
- A satisfacción media do PAS co traballo desenvolvido é de 3,8 sobre 5. Os resultados derivan de 3 enquisas cubertas e todos os aspectos están ben valorados, enriba do 3,6, agás a coordinación con outras unidades da universidade (3,12), o reparto axeitado das cargas de traballo (3,55).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os dous centros de impartición do máster recollen nas súas páxinas web información das infraestruturas e recursos materiais. Aínda que poden considerarse suficientes son pouco satisfactorios para o alumnado que as valora con 2,70 sobre 5, así como os recursos educativos dispoñibles cunha puntuación de 2,82 sobre 5, aínda que este datos hai que tomalos con precaución pola escasa participación na enquisa (17,25%). Para contribuír á adquisición das competencias informacionais do alumnado, deséñanse as accións **AM-4 (Curso 2021-2022)** y **AM-5 (Curso 2021-2022)**, en colaboración coa Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela.

Porén, estes datos non coinciden coa percepción do profesorado que, por un lado, na enquisa sobre a súa satisfacción coa docencia impartida (participación 49,82%) considera o material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) axeitados para o desenvolvemento do labor docente (3,92 sobre 5); e, por outra banda, na enquisa sobre a súa satisfacción coa titulación (participación 37,04%) estima que as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son

adecuadas para o seu labor docente (3,74 sobre 5).

Facultade de Ciencias da Educación (campus de Santiago):

- Está dividida fisicamente en dúas sedes, unha situada no Campus Norte e outra no Campus Vida. Ambos edificios contan cunha infraestrutura de espazos específica para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora, así como espazos de servizos para a comunidade do centro. Na páxina Web da facultade infórmase sobre do [equipamento dispoñible](#), así como dos planos de ambos edificios.
- Actuacións realizadas no centro no curso 2020-21:
  - o Campus Vida:
    - Cuberta Módulo A no Campus Sur. Co-financiación con xerencia compromiso 2020 executada fase a I (Módulo A) obra RAM.
  - o En ambos campus:
    - Acondicionamento e equipamento de aulas e despachos.
    - Cambio de luces a LED (terminada en zonas comúns, iníciase nalgúns despachos con déficit de iluminación).
    - Renovación/cambio luminarias, enchufes, estores aulas pendentes/ e despachos.
    - Renovación de mobiliario de despachos e zonas comúns, limpeza de material deteriorado e/ou antigo.
    - Pintura.
    - Material COVID19 (medidores C02/ Purificadores de aire aulas con ventilación comprometida, dispensadores de xel hidroalcolico en todas as aulas...).
    - Renovación licencia sistema insitucional Lifesize docencia facultade.
    - Renovación equipos nas aulas (10).
    - Sillas para despachos (10).
    - Reparación e pintado de despachos e aulas.
    - Enchufes, estores, luces, múltiples despachos.
    - Instalación nas Aulas de sistema de videoconferencia institucional:

	Campus Norte	Campus Vida
<b>Aulas para docencia con sistema de videoconferencia instalada</b>	Aula 1	Aula 6-7(Módulo A)
	Aula 3	Aula 9 (Módulo A)
	Aula 23	Aula 10-11(Modulo)
	Aula 32	Aula17(Módulo A)
	Aula 51	Aula 2-3 (MóduloC2)
	Aula 52	Aula 3 (Módulo A)
	Aula 13	Aula4-5 (Módulo C2)
	Aula 4	Aula 5 (Módulo A)
	Aula 21	Aula 15 (Módulo A)
	AULA LAB. 41	Aula 10 (Módulo C2)
	Aula 12	
	Aula 25	
<b>Laboratorios para docencia especializada con sistema de videoconferencia instalada</b>	Aula 31(Laboratorio TIC)	Aula 8 (MóduloA) (LaboratorioTIC)
	Sala de Xuntas	Aula16 (Módulo A) (Laboratorio TIC)
		SALA Frei Marín Sarmiento

Facultade de Formación de Profesorado (campus de Lugo):

- A docencia expositiva desenrólase en aulas con sistema de videoconferencia instalada, habitualmente a especialidade de CC experimentais ocupa a aula 26, a de Linguas a 25 e a de FP a 24 se vén por motivos de espazo e debido ó escaso número de alumnado sen dispensa, na especialidade de FP a aula muda para deixar espazo a grupos de grao que o precisan por número de alumnado. Utilízanse ademáis o laboratorio (cc experimentais) e a

aula de informática (tódalas especialidades a demanda do profesorado).

Polo que se refire aos servizos de orientación académica, indicar que na enquisa de satisfacción coa titulación o alumnado (participación 17,25%) valora favorablemente os trámites de matriculación (3,5 sobre 5) e a atención prestada polo persoal de administración e servizos (3,35 sobre 5); neste último ítem tamén destaca a valoración positiva (4,48 sobre 5) do profesorado (participación 37,04%).

No tocante á orientación profesional e laboral recibida no centro de impartición do máster, o alumnado segue rexistrando unha baixa satisfacción (2,18 sobre 5), motivo polo que na FFP-Lugo organizouse a charla “Os centro integrados de formación profesional” e, asemade, deseñouse e puido levarse a cabo sen incidencias a **AM-3 (Curso 2020-2021)**. Dita AM deu continuidade a outra semellante desenvolvida no curso 2019-2020. Esta acción consistiu na organización de tres seminarios formativos dirixidos aos estudantes do máster, na procura de enriquecer os contidos propios incorporando temáticas diferentes:

- **O proceso de oposición.** Estratexias básicas para o proceso público de oposición á educación secundaria e formación didáctica xeral e específica na área de Ciencias Sociais (25/02/2021). O Obxectivo do seminario foi dar unha idea xeral do funcionamento do proceso de oposición ao alumnado de calquera rama do máster. Ofertáronse 60 prazas en modalidade en liña e inscribíronse 71 estudantes.
- **Micro-obradoiro de pedagogía dos sentires** (12 e 19/02/2021). Este seminario presentou o marco teórico-práctico da pedagogía dos sentires, centrándose particularmente nos contidos relativos ás competencias emocionais, sentimentais e sociais básicas, -desde unha perspectiva coeducativa-, que sirvan ao desenvolvemento persoal e profesional do futuro profesorado de educación secundaria. Ofertáronse 60 prazas en modalidade en liña e inscribíronse 37 estudantes.
- **A dislexia e o trastorno por déficit de atención e hiperactividad (TDAH) en educación secundaria como necesidades especiais** (05/03/2021). Nesta sesión formativa abordáronse a descrición da dislexia e o TDAH, incluíndo as súas principais manifestacións neste nivel educativo. Ademais, proporcionouse unha serie de pautas para a súa detección e para dirixir a actuación do profesorado ante posibles casos “sospeitosos” na aula; así como algunhas ferramentas para a intervención educativa nas diversas áreas que poden verse afectadas neste alumnado. Ofertáronse 60 prazas en modalidade en liña e inscribíronse 29 estudantes.

Coa finalidade de seguir insistindo no logro dos obxectivos formativos máis vinculados co perfil profesional de título, durante o curso 2021-2022 darase continuidade a esta actividade, a través da **AM-3 (Curso 2021-20212)** mediante a organización de seminarios e charlas-coloquio que contribúan a reflexionar sobre necesidades educativas especiais e problemáticas de convivencia nos centros educativos. Asemade, abordárase tamén a perspectiva de xénero a través da **AM-2 (Curso 2021-2022)** dirixida ao alumnado da titulación, para contribuír á súa sensibilización sobre a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

No que atinxe a programas de acollida e apoio ao estudante, deseñouse a **AM-4 (Curso 2020-2021)** coa finalidade de elaborar un Plan de Acción Titorial (PAT), para favorecer a súa integración na comunidade universitaria atendendo á dimensión académica, persoal e social. Dita acción non puido finalizarse durante o curso 2020-2021, pero sí executarse parcialmente:

- **AM-4.1 (Curso 2020-2021).** Presentar á Comisión do Título a necesidade de elaborar un Pan de Acción Titorial (PAT) para dar comezo a súa elaboración. Na sesión ordinaria da Comisión do Título (Santiago-Lugo) celebrada o día 9 de abril de 2021 a coordinación comunica esta necesidade e informa que a facultade elaborou un documento marco que hai que concretar en cada titulación (aprobado en Xunta de Facultade o día 11 de febreiro de 2021) e que as cordinacións dos títulos están traballando de maneira conxunta neste asunto.
- **AM-4.2 (Curso 2020-2021).** Organizar un encontro cos representantes de alumnado para ter en conta as súas

achegas no deseño do Plan de Acción Titorial (PAT). Dita reunión ten lugar o o día 29 de abril de 2021.

- **AM-4.3 (Curso 2020-2021).** Aprobación do Plan de Acción Titorial (PAT) pola Comisión do Título. Esta é a única tarfea que non se finaliza durante o curso 2020-2021, polo que se traslada á próxima edición mediante a **AM-1 (Curso 2021-2022)** para finalizar o seu deseño, aprobalo e dar comezo coa fase de pilotaxe. Con todo, durante o curso 2020-2021 leváronse a cabo distintas accións na procura do deseño do PAT e a súa adecuación ao máster:
  - o Sesión ordinaria da Comisión do Título (Santiago-Lugo) celebrada o día 15 de xullo de 2021. A coordinación presenta unha proposta de adaptación do PAT ao máster para a súa revisión e, se procede, aprobación. Acórdase non aprobar a proposta e abrir un novo prazo para o envío de propostas e suxestións, tendo en conta que o PAT é un requirimento explícito ao centro por parte da área de calidade e que a súa implementación no curso 2021-2022, como fase piloto, permitirá establecer unha revisión progresiva e profunda para identificar fortalezas e debilidades, e tamén posibles modificacións de mellora.
  - o Sesión ordinaria da Comisión do Título (Santiago-Lugo) celebrada o día 20 de setembro de 2021. A coordinación envía un borrador do Plan de Acción Titorial, recollendo as achegas e suxestións recibidas ata ese momento, para intentar seguir avanzando no seu deseño e fase de pilotaxe neste curso 2021-2022. Acórdase deixar uns días de marxe para estudalo máis detidamente.
  - o Sesión ordinaria da Comisión do Título (Santiago-Lugo) celebrada o día 29 de novembro de 2021. Transcurridos dous meses da revisión previamente realizada pola comisión e non tendo recibida ningunha observación ou modificación do seu contido, acórdase aprobar o Plan de Acción Titorial coa finalidade de dar comezo coa fase de pilotaxe prevista no curso académico 2021-2022.

O alumnado (17,25% participación) considera que a oferta de prácticas é atractiva (3,16 sobre 5) pero que a titulación non está ben equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos (1,8 sobre 5). A súa satisfacción coas prácticas externas é moi positiva (4,37 sobre 5) (**Táboa 17**), igual que para os titores académicos (**Táboa 18**) e parece, xa que non dispoñemos de datos completos, que tamén para os titores profesionais (**Táboa 19**).

**Táboa 17.** Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	-	4,29	4,46	4,39	-	4,53
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	3,90	4,04	3,96	-	4,21
<b>Total</b>	-	<b>3,98</b>	<b>4,13</b>	<b>4,18</b>	-	<b>4,37</b>

**Táboa 18.** Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	-	4,02	4,09	-	-	4,29
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	4,23	3,88	-	-	4,40
<b>Total</b>	-	<b>4,12</b>	<b>3,97</b>	<b>4,51</b>	-	<b>4,35</b>

**Táboa 19.** Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	-	4,53	4,36	-	-	-
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	-	4,25	4,26	4,23	-	4,59
<b>Total</b>	-	<b>4,32</b>	<b>4,28</b>	<b>4,23</b>	-	-

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento do programa formativo da titulación continúa sendo satisfactorio na súa totalidade. Os resultados de aprendizaxe acadados no curso 2020-2021 volven a superar tantos os previstos na memoria de verificación, no seu apartado 8, como a media da Universidade de Santiago.

- Taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon): 95,77% (94,28% en Lugo e 96,24% en Santiago), por encima da media USC de 90,08% (**Táboa 20**).

**Táboa 20.** Taxa de rendemento. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	91,41	97,06	93,03	94,47	97,29	94,28
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	93,06	95,36	94,73	95,07	94,78	96,24
<b>Total</b>	<b>92,67</b>	<b>95,77</b>	<b>94,35</b>	<b>94,93</b>	<b>95,39</b>	<b>95,77</b>
Media USC	90,16	90,00	89,32	89,83	91,05	90,08

- Taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron): 99,55% (98,88% en Lugo e 99,75% en Santiago), lixeiramente superior á media USC de 99,01% (**Táboa 21**).

**Táboa 21.** Taxa de éxito. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	99,59	100,00	99,81	99,30	99,83	98,88
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	99,50	99,43	99,69	99,76	99,86	99,75
<b>Total</b>	<b>99,52</b>	<b>99,57</b>	<b>99,72</b>	<b>99,65</b>	<b>99,85</b>	<b>99,55</b>
Media USC	99,29	99,26	98,79	98,80	98,96	99,01



- Taxa de avaliación (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados): 96,21% (95,35% en Lugo e 96,48% en Santiago), superando á media USC de 90,98% (**Táboa 22**).

**Táboa 22.** Taxa de avaliación. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	91,79	97,06	93,21	95,14	97,45	95,35
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	93,52	95,91	95,03	95,30	94,91	96,48
<b>Total</b>	<b>93,11</b>	<b>96,19</b>	<b>94,61</b>	<b>95,26</b>	<b>95,53</b>	<b>96,21</b>
Media USC	90,91	90,67	90,41	90,93	92,02	90,98

A presentación e defensa pública do Traballo Fin de Máster require ter superados todos os demais créditos do máster, polo que o número total de traballos avaliados pode server tamén de indicador para medir os resultados acadados polos titulados. No curso 2021-2021 defendéronse un total de 230 TFM, 170 no campus de Santiago e 60 no campus de Lugo (recollidos na Evidencia E24).

Os resultados rexistrados indican que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación permiten acadar as previsións iniciais da memoria verificada e axustáanse ao nivel MECES do título.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O obxectivo fundamental do máster é ofrecer a formación pedagóxica e didáctica establecida pola normativa actual, que permita o ingreso nos Corpos de Profesores habilitados para a docencia nos niveis da Educación Secundaria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Por esta circunstancia, é unha titulación cunha elevada demanda, como comentouse no Criterio 1 deste autoinforme de seguimento. De feito, no curso 2020-2021 rexístranse un total de 2.763 preinscricións para cubrir as 240 prazas ofertadas na titulación: 1.915 preinscricións no campus de Santiago (180 prazas) e 848 preinscricións no campus de Lugo (60 prazas).

O dato total da matrícula de acceso é de 251 e a nota media de acceso por preinscrición sitúase no 8,02, en aumento nas últimas edicións do máster. Tendo en conta ao alumnado repetidor, o dato final de matrícula no curso 2020-2021 é de 294 estudantes, cunha taxa de ocupación (número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas) de 104,58 (193,33 no campus de Lugo e 214,44 no campus de Santiago).

En función dos indicadores de resultados, o título evoluciona de maneira favorable:

- Taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso): pasa de 91,36 ata 92,62% (98,33% en Lugo e 90,76% en Santiago), superando a media USC de 85,11%.
- Duración media dos estudos (amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica): descende deste 1,19 ata 1,10 (1,18 en Lugo e 1,07 en Santiago), por debaixo da media USC de 1,45.
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior): baixa do 5,35% ata o 2,46% (0% en Lugo e 3,26% en Santiago), por debaixo da media USC de 6,55%.
- Taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron): pasa do 97,83% ata o 99,89 (100% en Lugo e 99,86 en Santiago).
- Eficiencia dos titulados (relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número

total de créditos nos que realmente se matricularon). Non hai datos para o curso 2020-2021, polo que se recollen os da edición anterior: 99,21% (99,32 en Lugo e 99,18 en Santiago).

Os datos indican que o programa formativo do máster, é coherente co deseño, xestión e recursos disponibles para a implementación do título e a súa demanda social.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### Docencia

- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**Táboa 23**). En xeral, o profesorado está satisfeito coa docencia impartida (4,12 sobre 5), tanto co traballo realizado polo alumnado nas súas clases (4,05 sobre 5) como coa súa labor docente (4,42 sobre 5). Os aspectos mellor valorados sobre 5 son semellantes á edición anterior, refírense á interacción co alumnado -“Informe axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia” (4,57), “Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías” (4,57), “Manteño un trato correcto cos estudantes” (4,56), “Mantiven unha comunicación axeitada co estudantado (correo electrónico, campus virtual, Teams, etc.)” (4,46)- e a súa planificación docente - “Organizo e estrutura ben as miñas clases” (4,49). O ítem menos valorado continúa sendo a coordinación entre materias (3,70). Sobre o desenvolvemento da docencia non presencial postas en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria a súa satisfacción tamén continúa sendo media-alta (3,75) así como da avaliación nesas circunstancias (3,88). Considera que a súa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto era aceptable (3,91) e síntese satisfeito coas ferramentas, instrumenros e canais postos á súa disposición para desenvolver a docencia nunha situación imprevistas derivada da crise sanitaria (3,93).

**Táboa 23.** Satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2019-20			2020-21		
	Media Santiago	Media Lugo	Media Titulación	Media Santiago	Media Lugo	Media Titulación
Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,29	4,34	4,31	4,24	3,99	4,12
Porcentaxe de participación	23,26%	63,64%	43,45%	38,10%	61,54%	49,82%

- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida no primeiro semestre (**Táboa 24**). En xeral, o alumnado amosa unha valoración media-alta o coa docencia recibida (3,66 sobre 5). Soamente temos información de 11 preguntas referidas ao primeiro semestre e non hai datos sobre o segundo tramo do curso 2020-2021. A puntuación global dos ítems supera o 3,41 sobre 5. Os aspectos mellor valorados refírense á planificación e a interacción co docente: “O/a docente resolve as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico...)” (3,95), “Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19” (3,91), “De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada” (3,86). O menos valorado ten que ver coa carga de traballo: “A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia” (3,41). Globalmente, o alumnado está satisfeito co profesorado da titulación (3,62).

**Táboa 24.** Satisfacción do alumnado coa docencia recibida no 1º semestre. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2019-20			2020-21		
	Media Santiago	Media Lugo	Media Titulación	Media Santiago	Media Lugo	Media Titulación
Valoración global	3,81	3,69	<b>3,79</b>	3,77	3,24	<b>3,66</b>
Porcentaxe de participación	37,23%	27,87%	<b>33,0%</b>	53,33%	46,67%	<b>50,0%</b>

### Titulación

- Satisfacción do profesorado coa titulación (**Táboa 25**). O profesorado otorga unha valoración global alta de 3,97 sobre 5. A enquisa conta 19 preguntas. Considera que a información que ten sobre a titulación é axeitada (4,05), os recursos educativos disponibles son axeitados (4,03), o campus virtual facilita o seu labor (4,33), as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas (3,42), a titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos (3,85), o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada (3,83), en xeral considera que a titulación está ben organizada (3,85) e síntese satisfeito/a coa titulación (4,18).

**Táboa 25.** Satisfacción do profesorado coa titulación. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2019-20	2020-21
	Media Titulación	Media Titulación
<b>Valoración global</b>	3,75	3,97
<b>Porcentaxe de participación</b>	42,59%	37,04%

- Satisfacción do alumnado coa titulación (**Táboa 26**). O alumnado amosa unha puntuación global de 2,70 sobre 5. A enquisa conta 16 preguntas. Considera que a información que ten sobre a titulación é axeitada (3,09), os recursos educativos disponibles son axeitados (2,86), o campus virtual facilita o seu labor (3,66), a titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos (1,80), en xeral considera que a titulación está ben organizada (1,68) e síntese satisfeito/a coa titulación (2,07).

**Táboa 26.** Satisfacción do alumnado coa titulación. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2019-20	2020-21
	Media Titulación	Media Titulación
<b>Valoración global</b>	2,66	2,70
<b>Porcentaxe de participación</b>	20,40%	17,25%

- Satisfacción do alumnado egresado coa titulación. A valoración rexistrada é de 3,26 sobre 5, pero non se dispoñe de porcentaxe de participación nin de máis datos específicos desta titulación que permitan realizar unha análise. A información dispoñible é relativa aos egresados de titulacións de Máster da Universidade de Santiago de Compostela en xeral (número de convidados que egresaron no 1º semestre: 165, número de convidados que egresaron no 2º semestre: 962). O único dato específico é o relativo á participación dos egresados do máster nesta consulta: dos que egresaron no 1º semestre participou o 3,45% no campus de Lugo e o 17,24% no campus de Santiago; dos que o realizaron no 2º semestre participou o 8,48% no campus de Lugo e o 12,73% no campus de Santiago.

### Prácticas

- Satisfacción coas prácticas externas. O grao de satisfacción do alumnado é de 4,37 sobre 5. Non hai datos do curso pasado para poder facer unha comparativa, pero sí de edicións anteriores e obsérvase a tendencia á alza nesta valoración. Os titores académicos puntúan as prácticas con 4,35 sobre 5, semellante ao dato do curso 2018-2019 (4,51). No tocante aos titores profesionais, soamente hai constancia da valoración realizada no campus de Santiago, 4,59 sobre 5. Estes datos son positivos, pero descoñécese a porcentaxe de participación dos distintos axentes que

interveñen neste módulo formativo e os ítems das enquisas para identificar os aspectos a mellorar na organización e desenvolvemento das prácticas.

### Oferta formativa USC para PDI e PAS

- Os datos facilitados para a realización deste auto-informe de seguimento relativos á satisfacción do PDI coas accións formativas (2048 convidados e 928 enquisas cubertas) e á satisfacción do PAS asistente aos cursos do Programa de Formación (363 cuestionarios cubertos) son a nivel xeral na Universidade de Santiago de Compostela. Como non son específicos desta titulación, este aspecto non pode analizarse.
- No tocante á participación do PDI e PAS nos plans de formación da USC, os datos amosan que desde a Facultade de Ciencias da Educación foi do 51,67% de PDI (lixiramente inferior ao 52,42% do curso anterior) e do 56,25% de PAS (bastante menos que o 77,78% do curso 2019-2020), mentras que da Facultade de Formación do Profesorado participaron o 78,26% de PDI (superando o 60,51% da edición pasada) e o 75% do PAS (moi por enima do 57,14% do curso anterior).

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:


Os datos recollidos pola Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC para coñecer a inserción laboral dos egresados (**Táboa 27**) amosan que a maioría acadou algunha vez unha ocupación tras a finalización do máster (**Gráfico 1**). O tempo medio transcorrido desde que finalizou o máster ata que atopou o seu primeiro emprego oscila entre os 8,28 meses, no campus de Santiago, e os 10.31 meses no campus de Lugo. En concreto, soen atopar ese emprego no primeiro trimestre (**Gráfico 2**).

En torno a unha cuarta parte dos enquisados continúa no posto de traballo que tiña antes da realización do máster, o 33,3%, no campus de Santiago, e o 26,1%, no campus de Lugo. O tempo medio traballando desde que finaliza o máster é de 17,83 meses, no campus de Santiago, e 16,80 meses, no campus de Lugo (**Gráfico 3**). Asemade, o tempo medio traballando desde que remata o máster nun emprego relacionado con esta titulación é de 8,06 meses, no campus de Santiago, e de 11,26 meses, no campus de Lugo (**Gráfico 4**).


**Táboa 27.** Datos de egresados enquisados. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.

	2020-2021	
	Poboación	Mostra
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	152	100
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]	45	26


**Gráfico 1.** Porcentaxe de egresados que traballaron algunha vez desde a finalización do máster. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.




**Gráfico 2.** Tempo transcorrido desde a finalización do máster ata o primeiro emprego. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.



**Gráfico 3.** Tempo traballando desde a finalización do máster. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.



**Gráfico 4.** Tempo traballando desde a finalización do máster nun emprego relacionado co máter. Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedimentos da USC.



<b>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>



4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF: E5.Actas da Comisión do Título 2019-2020 PDF: E5.Actas da Comisión do Título 2020-2021 <a href="#">E5.FCE-Santiago.Actas da Comisión de Calidade 2019-20</a> <a href="#">E5.FCE-Santiago.Actas da Comisión de Calidade 2020-21</a> <a href="#">E5.FFP-Lugo.Actas da Comisión de Calidade 2019</a> <a href="#">E5.FFP-Lugo.Actas da Comisión de Calidade 2020</a>
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF: E6.FCE-Santiago.Recoñecemento de créditos 2020-21 PDF: E6.FFP-Lugo.Recoñecemento de créditos 2020-21
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311008_P.Ind_2020-2021
			4311008_INF.16_2020-2021
			4311008_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311008_I2_2020-2021
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311008_P.Ind_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro (Sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
			<a href="#">Web do Título</a>

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311008_P.Ind_2020-2021
			4311008_INF.04_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.05_2020-2021
			4311008_INF.06_2020-2021
			4311008_INF.07_2020-2021
			4311008_INF.08_2020-2021
			4311008_INF.09_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.10_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.11_2020-2021
			4311008_INF.13_2020-2021
			4311008_INF.14_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.21_2020-2021
			4311008_INF.22_2020-2021
			4311008_INF.23_2020-2021
4311008_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311008_P.Ind_2020-2021
			4311008_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311008_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2020-2021

4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311008_INF.13_2020-2021
			4311008_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF: I11.FCE-Santiago.Distribución alumnado Practicum 1
			PDF: I11.FCE-Santiago.Distribución alumnado Practicum 2 <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF: E24.FCE-Santiago.Listaxe de TFM 2019-20
			PDF: E24.FCE-Santiago.Listaxe de TFM 2020-21 PDF: E24.FFP-Lugo.Listaxe de TFM 2019-20 PDF: E24.FFP-Lugo.Listaxe de TFM 2020-21
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311008_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de	4311008_P.Ind_2020-2021
			4311008_INF.17_2020-2021

		rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311008_INF.18_2020-2021 4311008_INF.19_2020-2021 4311008_INF_SIIU_2020-2021 4311008_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311008_P.Ind_2020-2021 4311008_INF.CiUG_2020-2021 4311008_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311008_EIL-SIIU_2020-2021 4311008_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	4311008_P.Ind_2020-2021 4311008_Informe_de_indicadores_2020-2021 4311008_MedUSC_cursocelda
<p><b>*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (<a href="#">se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35</a>).</b></p>			

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-1 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1- Organización e desenvolvemento. Ámbito de aplicación [Santiago]
<b>Análise causa</b>	Nalgunhas guías docentes publicadas prodúcense desaxustes coa memoria do título no que se refire a metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Deseñar unha estratexia para detectar erros ou carencias que poidan ser corrixidos polo profesorado da titulación.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/10/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Tarefa1</b>	AM-1.1
<b>Descrición tarefa</b>	Convocar á comisión de título para aprobar unha estratexia de revisión das guías docentes publicadas, establecendo persoas encargadas e prazos de execución.  Responsabilidade: Coordinadora do Título e Comisión do Título
<b>Data prevista de finalización</b>	17/05/2021
<b>Responsable</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-1.2
<b>Descrición tarefa</b>	Detectar desaxustes en guías docentes publicadas.  Responsabilidade: Coordinadora do Título e Comisión do Título.

Data prevista de finalización	17/05/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa
<b>Tarefa3</b>	<b>AM-1.3</b>
Descrición tarefa	Comunicar ao profesorado da titulación os desaxustes detectados para emendar os erros ou carencias. Responsabilidade: Coordinadora do Título e Comisión do Título.
Data prevista de finalización	31/05/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa
<b>Tarefa4</b>	<b>AM-1.4</b>
Descrición tarefa	Revisar as guías docentes publicadas para comprobar o resultado desta acción de mellora. Responsabilidade: Coordinadora do Título e Comisión do Título.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-2 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 4. Recursos humanos. Ámbito de aplicación [Santiago]
<b>Análise causa</b>	O Parlamento de Galicia ten instado á USC para incorporar a perspectiva de xénero na formación inicial do profesorado de secundaria.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Introducir estratexias da inclusión da perspectiva de xénero na docencia no máster.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/10/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Tarefa1</b>	AM-2.1
<b>Descrición tarefa</b>	Solicitar á OIX e ao PFID un curso específico para o profesorado do Máster de Inclusión da perspectiva de xénero na docencia.  Responsabilidade: Coordinación do título, Oficina de OIX, PFID
<b>Data prevista de finalización</b>	30/04/2021
<b>Responsable</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-2.2
<b>Descrición tarefa</b>	Celebración do curso específico para o profesorado do Máster. Responsabilidade: Coordinación do título, OIX, PFID

Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa



<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-3 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 5. Recursos materiais e servizos. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe. Ámbito de aplicación [Santiago]
<b>Análise causa</b>	Insistir no logro dos obxectivos formativos máis vinculados co perfil profesional de título.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Organizar seminarios formativos dirixidos ao alumnado, a cargo de profesorado da titulación e/ou profesionais externos, para reflexionar sobre a necesidades educativas especiais, trastornos TDAH ou Dislexia, así como problemáticas de convivencia nos centros educativos e aprendizaxe e formación en sentimentos á vez que incidir na relevancia das programacións didácticas.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/10/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Tarefa1</b>	AM-3.1
<b>Descrición tarefa</b>	Organizar e celebrar un seminario dirixido ao alumnado do título sobre competencias emocionais e sociais para o desenvolvemento profesional do futuro profesorado de educación secundaria.
<b>Data prevista de finalización</b>	30/07/2021
<b>Responsable</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-3.2

Descrición tarefa	Organizar e celebrar un seminario dirixido ao alumnado do título sobre a elaboración de programacións didácticas e o concurso de oposición.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa
Tarefa3	AM-3.3
Descrición tarefa	Organizar e celebrar un seminario dirixido ao alumnado do título sobre necesidades educativas especiais para o futuro profesorado de educación secundaria.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-4 - Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 5. Recursos materiais e servizos. Ámbito de aplicación [Santiago]
<b>Análise causa</b>	Mellora dos programas de acollida e apoio ao estudante.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Elaborar un Plan de Acción Titorial (PAT) para favorecer a integración dos estudantes na comunidade universitaria atendendo á dimensión académica, persoal e social.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/10/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Tarefa1</b>	AM-4.1
<b>Descrición tarefa</b>	Presentar á Comisión do Título a necesidade de elaborar un Plan de Acción Titorial (PAT) para dar comezo a súa elaboración.
<b>Data prevista de finalización</b>	30/04/2021
<b>Responsable</b>	Belén María Castro Fernández
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-4.2
<b>Descrición tarefa</b>	Organizar un encontro cos representantes de alumnado para ter en conta as súas achegas no deseño do Plan de Acción Titorial (PAT)
<b>Data prevista de finalización</b>	30/07/2021

Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa
Tarefa3	AM-4.3
Descrición tarefa	Aprobación do Plan de Acción Titorial (PAT) pola Comisión do Título.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Belén María Castro Fernández
Estado	Activa

